

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 07-11-2023, ditou a resolución con número 3099/2023 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Aprobación da listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo para a contratación dun/ha docente para impartir a acción formativa "COCIÑA", correspondente ao Plan Formativo para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2023 e 2024.

Antecedentes.

Primeiro.- Por Resolución de Alcaldía núm. 2879/2023 de data 16/10/2023, aprobáronse as Bases e a convocatoria para a selección de persoal docente, mediante o sistema de concurso oposición, para a contratación de duración determinada (*contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral*) e a tempo parcial (6 horas/día) dun/ha docente para impartir a acción formativa "**COCIÑA**" (Código: 2023/004695; Especialidade:HOTR0408), correspondente ao Plan Formativo para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 e 2024.

O prazo de presentación de solicitudes, de acordo coa base terceira, parágrafo 3.1 e de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Segundo.- Publicouse o anuncio da convocatoria no BOP núm. 201 de 20/10/2023.

Terceiro.- Rematado o prazo regulamentario para a presentación de solicitudes e logo de examinar as solicitudes presentadas xunto coa documentación que as acompaña, de conformidade co establecido na base cuarta da convocatoria (*Admisión de aspirantes*), e en uso das competencias legalmente atribuídas que confire á Alcaldía o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLUCION:

Primeiro.- Aprobar a **Listaxe provisional** de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, no proceso de selección de persoal docente mediante o sistema de concurso-oposición libre para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (6 horas/día), dun/ha docente para impartir a acción formativa "**Cociña**" (Código: 2023/004695; Especialidade:HOTR0408).

Os aspirantes admitidos/as e excluídos/as son os relacionados no **Anexo I**.

Segundo.- Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun **prazo de tres (3) días hábiles**, seguintes á publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas das deficiencias que se sinalen. De non efectuar as emendas no prazo requirido serán excluídos/as definitivamente do proceso selectivo.

Estas emendas serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a listaxe definitiva, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal) e con carácter complementario na páxina web municipal www.carballo.org e na que se incluírá, tamén, a designación nominal do Tribunal, lugar, data e hora fixados para a súa constitución, así como, para o inicio das fases de concurso e oposición.

Terceiro.- Expoñer esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.carballo.gal) e con carácter complementario na páxina web municipal www.carballo.org.

ANEXO I.

Listaxe provisional de Admitidos/as do proceso de selección de persoal docente, mediante o sistema de concurso-oposición libre, para impartir a acción formativa “COCIÑA” correspondente ao Plan formativo para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2023 e 2024.

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	MENDEZ ALVAREZ	JOSE JAVIER	***57659**
2	NAJERA DEL PINO	JAVIER	***9998**
3	RAMOS GALLEGO	FRANCISCO	***3450**

Listaxe provisional de Excluídos/as do proceso de selección de persoal docente, mediante o sistema de concurso-oposición libre, para impartir a acción formativa “COCIÑA” correspondente ao Plan formativo para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2023 e 2024.

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CAUSAS EXCLUSION	OBSERVACIÓNS
1	BARREIRO MALDONADO	FRANCISCO JAVIER	***7074**	(1)	(a)
2	GOÑEZ SILVA	RAUL	***3542**	(2) ; (3)	
3	TRIGO OSINDE	MARIA BELEN	***2157**	(2)	

Causas de exclusión:

(1) Non achega o xustificante acreditado do ingreso en concepto de dereitos de exame. (A ausencia do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante e non poderá ser obxecto de subsanación).

(2) Non acredita a capacidade profesional.

(3) Non acredita a capacidade docente.

Observacións:

(a) Non achega informe de vida laboral actualizado.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Secretario

Evencio Ferrero Rodríguez

Miguel Piñeiro Souto

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2023/E001/000028
Exp. 2023/G003/003298

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.
Secretario
Miguel Piñeiro Souto